



XUNTA DE GALICIA

XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA. DELEGACIÓN TERRITORIAL DE LUGO

Anuncio

Resolución sobre o calendario laboral do ano 2018 para a Provincia de Lugo

O DECRETO 86/2017, do 7 de setembro (publicado no DOG 175, de 14 de setembro de 2017), polo que se determinan as festas da Comunidade Autónoma de Galicia do calendario laboral para o ano 2018, recolle no artigo 2 o seguinte:

"Conforme o disposto no artigo 37.2 do Estatuto dos traballadores, no artigo 46 do Real decreto 2001/1983, do 28 de xullo, e no artigo 1.11 do Real decreto 2412/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de traballo, tamén serán inhábiles para o traballo, retribuídas e non recuperables, dúas festas locais, propostas polo órgano municipal competente dos respectivos concellos, cuxa publicación no boletín oficial de cada unha das provincias da comunidade autónoma será determinada pola persoa titular da xefatura territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria. As ditas festas locais publicaranse, así mesmo, no *Diario Oficial de Galicia*".

Á vista do que antecede, esta Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria elabora, para a provincia de Lugo, o seguinte

Calendario laboral 2018

Decláranse inhábiles para o traballo, retribuídas e non recuperables, no ámbito de cadanseu concello segundo a proposta dos mesmos, as datas recollidas na seguinte táboa:

Concello	Data 1	Denominación 1	Data 2	Denominación 2
Abadín	13/02/2018	Martes de Entroido	27/09/2018	San Cosme da Montaña
Alfoz	13/02/2018	Martes de Entroido	06/08/2018	Festa dos Chóferes
Antas de Ulla	13/02/2018	Martes de Entroido	19/03/2018	San Xosé
Baleira	13/02/2018	Martes de Entroido	13/08/2018	San Cristóbal
Baralla	27/08/2018	Festas de San Vitorio	28/08/2018	Festas de San Vitorio
Barreiros	24/08/2018	San Bartolo	27/09/2018	San Cosme
Becerreá	02/02/2018	Festividade das Candelas	14/09/2018	Santo Ecce Homo
Begonte	13/02/2018	Martes de Entroido	29/06/2018	Festividade de San Pedro e San Pablo
Bóveda	01/09/2018	Festividade de San Xil	15/09/2018	Divino Ecce-Homo
Burela	13/02/2018	Martes de Entroido	04/06/2018	Luns das festas patronais
Carballedo	24/07/2018	Festivo local	14/08/2018	Festivo local

Castro de Rei	13/02/2018	Martes de Entroido	06/08/2017	Festa na honra de "San Roque" e "Dulce Nombre de María" en Castro de Riberas de Lea
Castroverde	13/02/2018	Martes de Entroido	26/07/2018	Santiago Apóstolo
Cervantes	13/02/2018	Martes de Entroido	13/06/2018	Festividade de San Antonio
Cervo	16/07/2018	Nosa Señora do Carme	16/08/2018	San Roque
Chantada	28/08/2018	Festa da empanada	18/10/2018	San Lucas
Corgo (O)	13/02/2018	Martes de Entroido	05/10/2018	San Froilán
Cospeito	13/02/2018	Martes de Entroido	08/09/2018	Nosa Señora "Virxe do Monte"
Folgo do Caurel	18/05/2018	Día seguinte ao día das Letras Galegas	07/12/2018	Día seguinte ao día da Constitución
Fonsagrada (A)	13/02/2018	Martes de Entroido	10/09/2017	Festas patronais
Foz	16/07/2018	Virxe do Carme	10/08/2018	San Lourenzo
Friol	13/02/2018	Martes de Entroido	09/07/2018	Luns de Santa Isabel
Guitiriz	13/02/2018	Martes de Entroido	25/06/2018	Día seguinte a San Xoán
Guntín de Pallares	13/02/2018	Martes de Entroido	02/07/2018	Luns das festas de Guntín
Incio (O)	07/05/2017	Santa Cruz	15/05/2018	Santo Eufrasio
Láncara	13/02/2018	Martes de Entroido	20/08/2018	Luns de San Roque
Lourenzá	13/02/2018	Martes de Entroido	27/08/2018	Luns do Conde Santo
Lugo	13/02/2018	Martes de Entroido	05/10/2018	San Froilán
Meira	13/02/2018	Martes de Entroido	16/08/2018	San Roque
Mondoñedo	10/09/2018	Os Remedios	18/10/2018	As San Lucas
Monforte de Lemos	03/04/2018	Martes de Pascua	13/06/2018	San Antón
Monterroso	13/02/2018	Martes de Entroido	10/07/2018	San Cristovo
Muras	13/02/2018	Martes de Entroido	02/07/2018	San Pedro de Muras
Navia de Suarna	13/02/2018	Martes de Entroido	17/09/2018	Festividade da Virxe das Dores
Negueira de Muñiz	13/02/2018	Martes de Entroido	16/08/2018	Festas patronais
Nogais (As)	13/02/2018	Martes de Entroido	03/08/2018	Festa do emigrante
Ourol	27/08/2018	Luns de Naseiro	02/11/2018	Todos os Fieis Difuntos

Outeiro de Rei	13/02/2018	Martes de Entroido	09/07/2018	Luns de Santa Isabel
Palas de Rei	13/02/2018	Martes de Entroido	14/09/2018	Ecce Homo
Pantón	13/02/2018	Martes de Entroido	20/08/2018	Luns da festa local
Paradela	13/02/2018	Martes de Entroido	15/05/2018	San Isidro
Páramo (O)	13/02/2018	Martes de Entroido	08/06/2017	Inauguración das Feiras de Primavera
Pastoriza (A)	13/02/2018	Martes de Entroido	18/10/2018	San Lucas
Pedrafita do Cebreiro	13/02/2018	Martes de Entroido	10/09/2018	Santa María a Real do Cebreiro
Pobra de Brollón	04/06/2018	Luns seguinte ao Corpus	27/08/2018	San Vitorio
Pol	13/02/2018	Martes de Entroido	24/08/2018	Festa do emigrante
Pontenova (A)	13/02/2018	Martes de Entroido	15/10/2018	Luns das Feiras
Portomarín	13/02/2018	Festa de Carnaval	03/09/2018	Santo Cristo das Victorias
Quiroga	02/04/2018	Festivo local	18/05/2018	Festivo local
Rábade	13/02/2018	Martes de Entroido	14/08/2018	Nosa Señora da Asunción
Ribadeo	16/08/2018	San Roque, co-patrón de Ribadeo	08/09/2018	Santa María do Campo, patrona de Ribadeo
Ribas de Sil	16/08/2018	Festas Patronais	30/10/2018	San Clodio
Ribeira de Piquín	13/02/2018	Martes de Entroido	23/04/2018	Festividade de San Xurxo
Riotorto	13/02/2018	Martes de Entroido	29/06/2018	San Pedro
Samos	13/02/2018	Martes de Entroido	09/07/2018	Luns de San Benito
Sarria	13/02/2018	Martes de Entroido	08/09/2018	Virxe dos Remedios
Saviñao (O)	13/02/2018	Martes de Entroido	07/08/2018	Festas patronais de Escairón
Sober	07/09/2018	Romería da Virxe de Cadeiras	17/09/2018	Festa da Virxe do Carme de Sober
Taboada	13/02/2018	Martes de Entroido	13/08/2018	Festas patronais
Trabada	25/04/2018	San Marcos	16/08/2018	San Roque
Triacastela	13/02/2018	Martes de Entroido	17/08/2018	San Mamede
Valadouro (O)	13/02/2018	Martes de Entroido	10/09/2018	Festivo local
Vicedo (O)	13/02/2018	Martes de Entroido	06/08/2018	Santo Estevo
Vilalba	31/08/2018	San Ramón, día do Patrón de Vilalba	01/09/2018	Santa María, día da Patrona de Vilalba

Viveiro	13/02/2018	Martes de Entroido	16/08/2018	San Roque
Xermade	13/02/2018	Martes de Entroido	06/08/2018	Luns de Santa María
Xove	13/02/2018	Martes de Entroido	20/08/2018	Festa patronal

Todas as empresas da provincia deberán ter exposto nun lugar visible do centro de traballo o calendario laboral para o ano 2018, de conformidade co establecido no artigo 34.6 do Estatuto dos Traballadores, para coñecemento e consulta dos traballadores.

Lugo 23 de outubro de 2017.- A xefa territorial, Pilar Fernández López

R. 3109

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

SERVIZO DE CONTRATACIÓN E FOMENTO. UNIDADE DE OBRAS E PLANS

Anuncio

APERTURA DE PRAZO PARA A RECEPCIÓN DE DOCUMENTACION NO PROCEDEMENTO ABERTO DAS OBRAS QUE SE INDICAN E DE ACORDO COAS CARACTERÍSTICAS QUE SE SINALAN:

TITULO DA OBRA	PRESUPOSTO LICITACION	PRAZO EXECUCION	CLASIFICACION ESIXIDA
LUGO.- ACONDICIONAMENTO ALA DEREITA PLANTA BAIXO CUBERTA DO PAZO PROVINCIAL. (EX0150B17AB)	85.950,41€ IVE 18.049,59 €	2 MESES	NON SE ESIXE

CARACTERÍSTICAS:

1º. - ENTIDADE ADXUDICADORA

- Organismo: Excma. Deputación Provincial de Lugo.
- Dependencia que tramita o expediente: Servizo de Contratación e Fomento.
- Domicilio: C/ San Marcos 8., C.P. 27001 Lugo
- Dirección onde se pode consultar os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas: na páxina web da Plataforma de Contratación do Sector público, (<https://contrataciondelestado.es>), á que tamén se accede dende a páxina web da Deputación de Lugo (<https://www.deputacionlugo.org> - perfil do contratante).

2º. - DESCRIPCION DO CONTRATO

- Tipo de contrato: Obras.
- Obxecto: A execución das obras sinaladas ao comezo do anuncio.
- Prazo de execución: O sinalado ao comezo do anuncio

3º. - TRAMITACION, PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACION

- Tramitación: Ordinaria.
- Procedemento: Aberto

4º. - VALOR ESTIMADO DO CONTRATO

O que se sinala no comezo do anuncio

5º. - GARANTIAS

- Provisional: Non se esixe.
- Definitiva: O 5% sobre o importe de adxudicación, sen IVE.

6º. - REQUISITOS ESPECIFICOS DO CONTRATISTA

- Clasificación: a indicada no encabezado

- b) Acreditación solvencia económica e financeira, ben a través da acreditación dunha clasificación axeitada ao obxecto do contrato, ou a través dos criterios, requisitos mínimos e medios de acreditación establecidos no RD 773/2015 de 28 de agosto, polo que se modifica o artigo 11 do Regulamento xeral da LCAP. (Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, cláusula 4.2)
- c) Outros requisitos: Ver Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas.

7º. - PRESENTACION DE OFERTAS

- a) Data límite de presentación: 26 días naturais contados dende o seguinte a publicación do presente anuncio no B.O.P.
- b) Documentación a presentar: A sinalada no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e de prescricións técnicas.
- c) Lugar de presentación: A presentación poderá realizarse persoalmente no rexistro da Deputación, ou ben mediante envío por mensaxería ou ben en calquera das dependencias administrativas recollidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas dentro do prazo sinalado.

No caso de envío por correo ou entrega en calquera das dependencias recollidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo, o interesado deberá acreditar, co resgardo correspondente, a data de imposición do envío e comunicar no mesmo día ao órgano de contratación, por fax (982 180004), télex ou telegrama, a remisión da proposición. Sen a concorrencia de ambos os dous requisitos non será admitida a proposición no caso que fose recibida fora do prazo fixado no anuncio de licitación. (ver punto 1º)

- d) Admisión de variantes: NON
- e) Idioma: Castelán e Galego

8º. - CRITERIOS DE ADXUDICACION E PUNTUACION (VER DETALLES NO PREGO DE CAP)

CRITERIOS	PONDERACIÓN
1) Prezo	95
2) Plan de comunicación	5

9º. - APERTURA DE OFERTAS

- a) Dirección: Deputación Provincial de Lugo. Rúa San Marcos 8.
- b) Localidade e código postal: Lugo, 27001.
- c) Data: publicarase a convocatoria na Plataforma de Contratación do sector público.

10º. - GASTOS DE ANUNCIOS.

Correrán por conta dos adxudicatarios.

11º.- OBTENCION DE DOCUMENTACION E INFORMACION

- a) Entidade e domicilio: Ver punto 1º.
- b) Plataforma de contratación do sector público
- c) Teléfono: 982-260080 - 24
- d) Fax: 982-180004

Lugo, 16 de outubro de 2017. O PRESIDENTE, Darío Campos Conde P.D. Decreto nº 0402/2017, de data 24-02-2017. O DEPUTADO PROVINCIAL, Pablo Rivera Capón.- O SECRETARIO-INTERVENTOR, Manuel Castiñeira Castiñeira.

R. 3067

CONCELLOS

BALEIRA

Anuncio

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA.-

Tendo previsto ausentarme do Termo Municipal de Baleira o **día 13 de outubro do 2017**, de conformidade co regulado nos artigos 23.3 da Lei 7/1985, do 02 de abril Reguladora das bases de réxime local, artigo 63 da

Lei 5/1997 de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e artigo 47 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais

RESOLVO:

- Delegar a totalidade das funcións desta Alcaldía, ós efectos de que me substitúa durante todo o mencionado día (13 de outubro do 2017) o Primeiro Teniente de Alcalde D. Alberto Núñez Fernández.
- Publicar a presente Resolución no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no Taboleiro de Edictos do Concello.
- Dar conta da presente Resolución á Corporación Municipal en Pleno.
- Notifíquesele o interesado.

Baleira, 11 de outubro de 2017.- O Alcalde, Angel Enrique Martínez-Puga López.

R. 3082

BURELA

Anuncio

LISTAXE DE COBRAMENTO S.A.F. AGOSTO 2017.

Aprobado pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día 20 de setembro de 2017 a Listaxe de cobramento por aplicación do Prezo Público do Servizo de Axuda no Fogar (libre concorrencia e dependentes), correspondente ao mes de agosto de 2017, que no seu importe total ascende á suma de 6.083,52 €.

Por medio do presente expónse ao público durante o prazo de quince días contados a partir do seguinte da súa publicación ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes. Así mesmo faise saber que dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos ao abeiro do establecido na Lei Xeral Tributaria.

En Burela, a 16 de outubro de 2017.- O ALCALDE, ALFREDO LLANO GARCÍA.

R. 3083

CASTROVERDE

Anuncio

Pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 20 de setembro de 2017 prestouse aprobación ao Padrón do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente ao mes de agosto de 2017, e expónse ao público polo prazo de quince días contados a partir do seguinte da súa publicación ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes. Así mesmo faise saber que dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos ao amparo da Lei Xeral Tributaria.

Castroverde, a 17 de outubro de 2017.- O ALCALDE, Xosé M^a Arias Fernandez

R. 3098

A FONSAGRADA

Anuncio

DECLARACIÓN DE RUÍNA

Visto o informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais sobre o posible estado de ruína do inmovible situado no Lg de Xegunde, parroquia de Vilabol (A Fonsagrada), inmovible con referencia catastral 002303100PH67A0000UT, así como o informe de Secretaría, e de acordo co establecido polo artigo 38 do Decreto 28/1999, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística para o Desenvolvemento e Aplicación da Lei do Solo de Galicia,

DISPOÑO:

PRIMEIRO. Iniciar o expediente contradictorio de declaración de ruína ordinaria do edificio inmovible con referencia catastral 002303100PH67A0000UT situado no Lg de Xegunde, parroquia de Vilabol (A Fonsagrada), con titularidade descoñecida, o cal foi incoado a instancia de parte, por denuncia de particular.

SEGUNDO. Darase audiencia ao propietario, aos moradores e aos titulares de Dereitos Reais sobre o inmovible, de conformidade cos artigos 201.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia e 38.1 do Decreto 28/1999, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística para o Desenvolvemento e Aplicación da Lei do Só de Galicia, dándoos traslado literal do informe técnico para que nun prazo de quince días aleguen e presenten por escrito os documentos e xustificacións que estimen pertinentes en defensa dos seus respectivos dereitos. Ao ter a propiedade titularidade descoñecida publicárase no BOE para os efectos oportunos.

TERCEIRO. Adoptar medidas de seguridade e habitabilidade suficientes que permitan aos seus ocupantes a permanencia nel, ata que se adopte o Acordo que proceda, proponendo a adopción de medidas excepcionais de protección, tales como apeos ou empernamientos que deban de aplicarse con carácter inmediato.

A Fonsagrada, 13 de outubro de 2017.- O Alcalde, Argelio Fernández Queipo

R. 3084

FOZ
Anuncio
CONTRATO ADMINISTRATIVO MIXTO DE OBRAS, SUMINISTRO Y SERVICIOS, RELATIVO AL PROYECTO DENOMINADO "A MARIÑA VIRTUAL" DEL AYUNTAMIENTO DE FOZ.

Por medio del presente anuncio se efectúa convocatoria del PROCEDIMIENTO ABIERTO, para la adjudicación del contrato administrativo mixto sobrescrito, conforme a los siguientes datos:

1. ENTIDAD ADJUDICADORA.

- a) Organismo: Ayuntamiento de Foz (Lugo)
- b) Dependencia que tramita el expediente: Secretaría Municipal
- c) Obtención de documentación e información:
 Domicilio: calle Álvaro Cunqueiro, 24
 Localidad y Código Postal: Foz, 27780
 Teléfono 982 140 027
 Dirección de internet del Perfil de Contratante: concellodefz.sedelectronica.es
- d) Número de expediente: 1333/2017.

2. OBJETO Y DURACIÓN DEL CONTRATO.

- a) Tipo: contrato mixto de obras, suministro y servicios, en el que la prestación económicamente más importante es la de servicios.
- b) El objeto del contrato son las obras, suministro y servicios, que se contienen en el proyecto denominado "A MARIÑA VIRTUAL"
- c) Plazo de ejecución: 3 meses

3. TRAMITACIÓN Y PROCEDIMIENTO.

- a) Tramitación: ordinaria
- b) Procedimiento: **ABIERTO**
- c) Criterios de adjudicación:

1) CRITERIOS NO EVALUABLES MEDIANTE FORMULAS (SOBRE B) (40 puntos)

1. Metodología do proxecto (CRITERIO 1)	15	
Obra	1	Justificación de la idoneidad de la solución propuesta para el cumplimiento de los objetivos y requisitos exigidos en el pliego
Sección de bienvenida	1	
Sección de cartelería dixital	1	

Sección de presentación con realidade aumentada patrimonial	1	técnico. Se valorará el grado de detalle y rigor de la argumentación.
Sección de recreación histórica	2	
Sección de aventura gráfica potenciadora da comarca	3	
Sección de patrimonio inmersivo	2	
Documental interactivo	1	
Centro Integral de Turismo	3	
2.Propuesta funcional y técnica (CRITERIO 2)	15	
Facilidad de operación y mantenimiento	2	Facilidad de operación y mantenimiento de la solución propuesta
Grado de interactividad	2	Grado de interacción del usuario con las aplicaciones incorporadas a la instalación
Grado de innovación y creatividad de la propuesta	3	Grado de innovación de las aplicaciones propuestas y de creatividad en los contenidos
Características de los equipos suministrados	4	Se valorará que los equipos suministrados sean equipos de última generación, que incorporen tecnologías innovadoras y tengan unas características técnicas que no impliquen su obsolescencia en un plazo corto de tiempo.
Agregación de contenidos	4	Se valorarán la agregación de contenidos de fuentes externas
3.Plan de proyecto (CRITERIO 3)	5	
Planificación y cronograma de proyecto	5	Estructuración clara y correcta de la planificación y cronograma de proyecto, delimitando las fases del proyecto, e incluyendo la definición de hitos y entregables.
4.Medios humanos y técnicos (CRITERIO 4)	5	
Medios humanos y técnicos	5	Adecuación de los medios humanos y técnicos a la ejecución del objeto del pliego
TOTAL PUNTUACIÓN	40	

2) CRITERIOS EVALUABLES MEDIANTE FORMULAS (SOBRE C) (50 puntos):

A) Precio (CRITERIO 5). 34 puntos.

Puntuarase con 0 puntos aquelas ofertas que propoñan o tipo establecido. Outorgarase a valoración máxima á oferta máis baixa. O resto das ofertas serán valorados proporcionalmente, de acordo coa fórmula seguinte.

$$V_i = \left(\frac{B_i}{B_{\max}} \right) \times \text{valoración} - \text{outorgada} - \text{á} - \text{oferta} - \text{económica} - (\text{PT máxima})$$

Sendo:

V_i : Puntuación da oferta i

B_i : baixa da oferta i. Donde $B_i = \text{Tipo} - O_i$; sendo *Tipo* o tipo da licitación e O_i é a oferta da empresa i.

B_{\max} : baixa da oferta máis favorable. $B_{\max} = \text{Tipo} - O_b$; onde *Tipo* é o tipo da licitación e O_b é a oferta económica máis baixa

B) Plazo (CRITERIO 6). 16 puntos.

Se valorará la rebaja sobre el plazo de ejecución.

Las ofertas que igualen el plazo de ejecución del contrato 3 meses serán valoradas con 0 puntos.

El resto de las ofertas se valorarán con 4 puntos por cada semana de reducción de plazo.

4. PRECIO DEL CONTRATO.

El importe de este contrato asciende a la cuantía de 200.000 euros más 42.000 euros correspondientes al IVA, **total 242.000 euros.**

5. GARANTÍA EXIGIDAS.

Provisional: no se exige.

Definitiva: 5% del importe de adjudicación, excluido el IVA.

6. REQUISITOS ESPECÍFICOS DEL CONTRATISTA:**Solvencia económica y financiera:**

Los licitadores deben acreditar el cumplimiento de los siguientes parámetros:

Volumen anual de negocios. Declaración sobre el volumen anual de negocios, referida a los tres últimos ejercicios disponibles en función de la fecha de creación o inicio de las actividades de la empresa.

Se reputará solvente al licitador que acredite un volumen global de negocios en los tres últimos ejercicios disponibles, por importe igual o superior al valor estimado del contrato.

Su acreditación se efectuará mediante la presentación de una declaración, sellada y firmada por el licitador o, en su caso, por su representante legal, sobre su volumen global de negocios referido a los tres últimos ejercicios (2014, 2015 y 2016) y pormenorizada por cada uno de ellos, acompañada del modelo 390 (declaración anual IVA) de cada año.

Solvencia técnica o profesional:

Los licitadores deben acreditar la solvencia técnica a través de una relación, sellada y firmada, de los principales servicios o trabajos realizados en los tres últimos años que incluya sus importes, sus fechas y sus destinatarios, públicos o privados, que se justificarán mediante las certificaciones expedidas o visadas por el órgano competente, cuando el destinatario sea una entidad del sector público o, cuando el destinatario sea un sujeto privado, por un certificado emitido por él o, a la falta de este, por una declaración del/a empresario/la.

<u>Relación dos servizos ou traballos executados nos últimos tres anos</u>			
<u>acompañada de certificados de boa execución ou no seu caso declaración do licitador</u>			
<u>Denominación e obxecto concreto</u>	<u>Importe</u>	<u>Data de finalización da execución</u> (día/mes/año)	<u>Destinatario</u>
--			
--			

Dicho período de tres años incluirá:

- Los años 2015 y 2016 completos.

- Respeto del año 2017, el tiempo transcurrido hasta el día en que finalice el plazo de presentación de las ofertas de participación.

Reputarse solvente al licitador que acredite haber realizado en dicho período, al menos 3 trabajos de contenido similar al del objeto de este contrato. En todo caso el conjunto de trabajos de contenido similar al objeto de este contrato deberá sumar un importe de 240.000 euros.

Se entenderán trabajos de contenido similar al del objeto de este contrato los trabajos de producción de contenidos audiovisuales o interactivos, de modelización en 3D, proyectos de realidad aumentada y realidad virtual, proyectos GIS, proyectos de integración de contenidos y proyectos cultural o museísticos.

Las uniones temporales de empresarios acreditarán los requisitos de solvencia económica y financiera, técnica o profesional de acuerdo con lo previsto en la normativa de contratación del sector público.

Tales medios de acreditación podrán ser sustituidos por los que consten en el certificado de inscripción en el Registro de Contratistas de la Comunidad Autónoma de Galicia o en el Registro Oficial de Licitadores y Empresas Clasificadas del Sector Pública, como empresa clasificada de SERVICIOS que el licitador aporte, acompañada de Declaración Responsable de que los datos contenidos en la certificación no han sufrido variación.

CLASIFICACIÓN DE LOS LICITADORES. Para ser adjudicatario del presente contrato no es preciso estar en posesión de clasificación empresarial alguna, sin perjuicio de acreditar la correspondiente solvencia económica, financiera y técnica, por los medios descritos en la presente cláusula.

7. PRESENTACIÓN DE OFERTAS:

La tramitación se llevará a cabo de acuerdo con el art. 157 y siguientes del Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de noviembre, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley de Contratos del Sector Público, **aplicando al procedimiento ABIERTO.**

8. GASTOS DE PUBLICIDAD:

Corren por cuenta del adjudicatario los gastos del anuncio de licitación que se publique en el Boletín Oficial de la Provincia, hasta un importe máximo de mil quinientos euros (1.500 €). Los referidos gastos de publicación se ingresarán por el adjudicatario en la Tesorería del Ayuntamiento de Foz dentro del plazo que a tal efecto se establezca y siempre previo al acto de formalización del contrato

En Foz, 19 de outubro de 2017.- EL ALCALDE, JAVIER JORGE CASTIÑEIRA.

R. 3097

LÁNCARA

Anuncio

Información pública

De conformidade co acordo da xunta de goberno local en sesión realizada o día 18 de outubro de 2017, por medio do presente anuncio efectúase convocatoria do procedemento aberto, atendendo á oferta economicamente máis vantaxosa, con varios criterios de adxudicación, para a adxudicación do contrato de subministración de de camión-volquete multiusos usado, conforme aos seguintes datos:

1. Entidade adxudicadora:

a) Organismo. Concello de Láncara

b) Dependencia que tramita o expediente. Secretaría

c) Obtención de documentación e información: Concello de Láncara, Rosalía de Castro, 17, baixo. A Pobra de San Xiao. Láncara. Teléfono 982543077, fax 982543357, concello.lancara@eidolocal.es, www.concellodelancara.com.

d) Número de expediente. 207/2017

2. Obxecto do Contrato:

a) Tipo. Suministro

b) Descrición. Subministración dun camión-volquete multiusos usado.

c) División por lotes e número de lotes/número de unidades. Non.

d) Lugar de execución/entrega: Concello de Láncara, oficinas xerais e biblioteca.

e) Prazo de execución/entrega. 90 días naturais dende a formalización do contrato.

f) CPV (Referencia de Nomenclatura). 34142000-4

3. Tramitación e procedemento: Ordinaria, aberto, multicriterio, cláusula 9 do prego de cláusulas administrativas particulares.

4. Valor estimado do contrato: 41.322,31 euros e 8.677,69 euros de IVE. Importe total: 50.000 euros

5. Orzamento base de licitación:

a) Importe neto: 41.322,31 euros. Importe total: 50.000,00 euros.

6. Garantías esixidas. Definitiva (%): 5%.

7. Requisitos específicos do contratista: Cláusula 6 do prego de cláusulas administrativas particulares.

8. Presentación de ofertas ou de solicitudes de participación:

a) Data límite de presentación. 15 días naturais dende a publicación do anuncio no BOP Lugo e no perfil do contratante.

b) Modalidade de presentación. No Rexistro Xeral do Concello de Láncara en horas de 9 a 14 horas.

9. Apertura de ofertas: terceiro día hábil tras a finalización do prazo de presentación das ofertas, ás 10:00 horas, na casa consistorial do Concello.

10. Gastos de Publicidade. Por conta do adxudicatario.

A Pobra de San Xiao, 18 de outubro de 2017.- O alcalde, Darío A. Piñeiro López

R. 3085

LUGO

Anuncio

A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada do 11 de outubro de 2017, adoptou entre outros o acordo 16/618 relativo á DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS NA TENENTE DE ALCALDE DA ÁREA DE ECONOMICA, EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL PARA A RESOLUCIÓN DE TÓDOLOS ACTOS DE TRÁMITE E RESOLUTIVOS EN RELACIÓN COA CONTRATACIÓN DAS OBRAS INCLUIDAS DENTRO DO PLAN PROVINCIAL ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2017.

Por todo o cal e con base no sinalado no artigo 9 da Lei 40/15 do 1 de outubro, do réxime xurídico do Sector Público expónse ó público no Boletín Oficial da Provincia para xeral coñecemento.

Lugo, 17 de outubro de 2017.- A ALCALDESA, P.D. A TENENTA DE ALCALDE DELEGADA DA ÁREA DE ECONOMÍA, EMPREGO E DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO, Ana Prieto Nieto

R. 3086

MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

Por Resolución da Alcaldía de data 5 de outubro de 2017 aprobáronse as BASES PROCESO SELECTIVO DE DOUS AXENTES DE POLICIA LOCAL (1 VACANTE CORRESPONDENTE A OFERTA DE EMPREGO PUBLICO DO 2016 E OUTRA A DE 2017)

I-NORMAS XERAIS

As probas selectivas rexeranse polo previsto nestas bases e polo disposto no RD Lei 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, na lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de policía locais, Decreto 243/2008, de 16 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de policía locais e a Orde de 28 de xaneiro de 2009 pola que se determinan as probas de selección, temarios e baremos de méritos para o ingreso, promoción interna e mobilidade nos corpos de policía locais, na Lei 30/84, de 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública, Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, Lei 5/1997, do 22 de Xullo, de Administración Local de Galicia, Decreto 896/1991, do 7 de xuño, regras básicas e programa mínimos e R.D. 95/1991, do 20 de marzo, da Comunidade Autónoma de Galicia pola que se aproba o regulamento de selección de persoal e, supletoriamente, o Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso de persoal ó servizo da Administración Xeral do Estado e demais lexislación concordante que sexa de aplicación.

II-OBXECTO DA CONVOCATORIA

É obxecto da presente convocatoria a selección polo sistema de oposición por turno libre de dous axentes da Policía local deste Concello, unha vacante corresponde a oferta de emprego público do ano 2016 e a outra á de 2017.

O proceso selectivo desenvólvese baixo os puntos de vista de igualdade efectiva entre homes e mulleres, mérito, capacidade, transparencia e publicidade (Web oficial do Concello de Monforte de Lemos, Taboleiro de anuncios do Concello de Monforte de Lemos e Boletín Oficial da Provincia de Lugo, Diario Oficial de Galicia e Boletín Oficial do Estado).

III RETRIBUCIONS

As retribucións serán as que se fixen nos orzamentos para axente de Policía Local.

IV-REQUISITOS DOS ASPIRANTES

Conforme ó artigo 21 do Decreto 243/2008, de 16 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de policía locais para ser admitidos á realización das probas selectivas, os aspirantes deberán posuír, no día da finalización do prazo de presentación de solicitudes, os seguintes requisitos:

a) Posuír a nacionalidade española.

- b) Superar os 18 anos de idade e non ter acadado a idade de xubilación forzosa.
- c) Posuír unha estatura mínima de 1,65 metros os homes e 1,60 metros as mulleres.
- d) Estar en posesión de la titulación esixible para o acceso como funcionario do grupo C1, conforme á normativa de función pública (Título de Bachiller o Técnico)
- e) Ser titular de los permisos de conducir de las clases A2 y B.
- f) Non ter sido condenado/a por delito doloso, nin estar inhabilitado/a para o exercicio das funcións públicas, nin separado/a do servizo das administracións públicas por expediente disciplinario ou resolución xudicial firme. Será aplicable, sen embargo, o beneficio da rehabilitación, conforma ás normas penais e administrativas, que o aspirante deberá acreditar mediante o correspondente documento oficial.
- g) Compromiso por escrito de portar armas durante o servizo e, no seu caso, chegar a utilizalas nos casos e circunstancias legalmente establecidas, que o aspirante presentará en forma de declaración xurada, ou conforme ó modelo que se exixa a convocatoria.
- h) Presentación dun certificado médico no que se faga constar expresamente que o aspirante reúne as condicións físicas e sanitarias para a realización dos exercicios físicos que se especifican na correspondente proba da oposición, o que non excluírá as comprobacións posteriores do que se reflexa no certificado médico.
- i) Ter ingresado na conta ES96 2080 0126 20 3110000019 a nome do Concello de Monforte de Lemos a taxa por dereitos de exame por un importe de 18´87 €.

Todos estes requisitos deberán acreditarlos na data de finalización do prazo de presentación de instancias desta convocatoria.

V-SISTEMA DE SELECCIÓN

O procedemento de selección será o de oposición por quenda libre conforme as probas que a continuación se detallan:

PRIMEIRO EXERCICIO

Obrigatorio e eliminatorio.

Proba de avaliación dos coñecementos dos/as aspirantes, que deberá mostrar a súa preparación intelectual e o dominio dos contidos do temario.

Consistirá na resposta por escrito dun cuestionario de 100 preguntas tipo test, con 4 alternativas de resposta cada unha, que serán propostas polo tribunal.

Os/as aspirantes disporán dun tempo máximo de dúas horas para a súa realización.

A proba calificarase polo tribunal de cero a dez puntos, sendo preciso conseguir cinco puntos como mínimo. A cualificación farase atendendo á seguinte fórmula:

$$N = (A-F/3)/10.$$

Sendo N= nota final da proba; A= preguntas acertadas; F= preguntas falladas ou non respondadas.

SEGUNDO EXERCICIO.

Coñecemento do idioma galego.

Os/as aspirantes que superasen o exercicio anterior e que non acreditasen estar en posesión do certificado de coñecemento da lingua galega CELGA 3 ou equivalente, deberán realizar unha proba de galego.

A proba estará dirixida a comprobar o coñecemento do idioma galego, polas persoas aspirantes da mesma, de xeito tanto oral como escrito, e que consistirá na realización dunha tradución dun texto, castelán- galego ou galego - castelán, proposto polo Tribunal. O tempo máximo para a súa realización será de media hora. Esta proba cualificarase como apto ou non apto.

Porén, ás persoas que acrediten o coñecemento da lingua galega con carácter previo (anexo I, 4 da Orde do 16 xullo 2007, DOG do 30 xullo 2007, CELGA 3 ou equivalente) se lles dará por superada esta proba coa cualificación de apto.

TERCEIRO EXERCICIO.

Comprobación da estatura e probas de aptitude física.

Comprobación da estatura.

Antes de comezar as probas físicas efectuarase o control da estatura dos/as aspirantes, quedando eliminados/as os/as que non acaden a estatura mínima de 1,65 metros para os homes e 1,60 metros para as mulleres.

Probas físicas.

As probas de aptitude física terán a cualificación de apto ou non apto. Para obter a cualificación de apto e necesario non superar as marcas establecidas como máximas para as probas A.1.1, A.1.4 y A.1.5, e alcanzar ou superar os mínimos das probas A.1.2 e A.1.3. Os exercicios realizaranse polo orde en que están relacionados e cada un é eliminatorio para realizar o seguinte.

Se establecen diferentes marcas para cada sexo. As probas realizaranse de forma individual, excepto as de velocidade, resistencia xeral e natación que poderán facerse de forma colectiva se así o considera o tribunal cualificador. Nas probas de resistencia xeral e natación so se dispón dunha única posibilidade de execución, e no resto permitírase unha segunda realización cando na primeira non se obteña a cualificación de apto.

O desenrolo de cada unha das probas físicas deberase realizar en lugares acomodados ó tipo de proba a executar. En todas as probas deberase empregar un sistema de medición que garanta a exactitude e certeza das marcas individuais obtidas por cada opositor.

A.1.1. Proba de velocidade: carreira de 50 metros lisos

Realízase nunha pista de atletismo o calquera zona totalmente cha de terreo compacto.

O/a aspirante colócarase na pista no lugar sinalado, podendo realizar a saída de pe ou agachado, sen utilizar tacos de saída.

As marcas máximas (en minutos) esixidas para a superación de la proba son:

Homes: 7,40'.

Mulleres: 8,20'.

A.1.2. Proba de potencia de tren superior: os homes realizarán flexións de brazos e las mulleres suspensión en barra.

A.1.2.1. Flexiones de brazos.

Realízase en ximnasio ou campo de deportes.

Iniciárase dende a posición de suspensión pura, agarrando a barra coas palmas das mans espaldas, ó fronte, e cos brazos totalmente estendidos.

A flexión completa realízase de maneira que o queixo asome por enriba da barra. Antes de iniciar outra nova flexión será necesario estender totalmente os brazos. No se permite o balanceo do corpo ou a axuda con movementos das pernas.

Contarase soamente as flexiones completas e realizadas correctamente. O número mínimo esixible é de 10 flexións.

A.1.2.2. Suspensión en barra.

Realízase en ximnasio ou campo de deportes.

O exercicio consiste en quedar, o maior tempo posible, na posición que se describe: brazos flexionados, agarrado/a coas palmas da man cara a atrás, pernas completamente estendidas e sen tocar o chan, queixo a ubicado por riba da barra e sen ter contacto con ela.

O tempo mínimo esixido para a superación da proba é de 52 segundos.

A.1.3. Proba de potencia de tren inferior: salto horizontal.

Realízase en ximnasio ou campo de deportes Se, con chan horizontal e, coa superficie adecuada para efectuar a medición das marcas.

O/a aspirante colócarase de pé detrás dunha liña sen pisala, cos pes separados, paralelos entre si e á mesma altura. Realizará un salto horizontal caendo cós dous pes ó chan. Medirase a distancia entre a liña de saída ata a marca do apoio de caída mais próximo á liña.

As marcas mínimas esixidas (en centímetros) para a superación da proba son:

Homes: 210 cm.

Mulleres: 185 cm.

A.1.4. Proba de resistencia xeral: carreira de 1.000 metros lisos.

Realízase en pista de atletismo o en calquera zona totalmente cha de terreo compacto.

O/a aspirante colócarase na pista no lugar indicado. A saída realízase en pe.

Será eliminado o corredor que abandone a pista durante la carreira.

As marcas máximas (en minutos) esixidas para a superación da proba son:

Homes: 3,30'.

Mulleres: 4,10'.

A.1.5. Proba de natación: 25 metros estilo libre.

Realizarase nunha piscina que permita efectuar o percorrido sen facer xiros.

O/a aspirante poderá colocarse para a saída, ben sobre a plataforma, ben no borde da piscina, ou ben no interior do vaso, debendo permanecer neste último caso en contacto co borde de la saída.

Unha vez que se de o sinal de saída, os/as aspirantes, ben en inmersión o por impulsión sobre la parede, conforme a situación de partida adoptada, iniciarán a proba empregando calquera estilo para a súa progresión.

As marcas máximas (en segundos) para a superación da proba son:

Homes: 24".

Mulleres: 28".

CUARTO EJERCICIO

Probas psicotécnicas.

Estas probas están dirixidas a determinar as actitudes e aptitudes persoais dos/as aspirantes e a súa adecuación ás funcións policiais que deberán desempeñar, comprobando que presentan un perfil psicolóxico adecuado. Teñen que efectuarse e valorarse por persoal especialista.

A cualificación global será de apto/no apto.

A.3.1. Proba de intelixencia.

Realizarase unha valoración do nivel intelectual e doutras aptitudes específicas, explorando todos ou varios dos aspectos seguintes: intelixencia xeneral, comprensión e fluidez verbal, comprensión de ordenes, razoamento cognitivo, atención discriminativa e resistencia á fatiga intelectual.

A.3.2. Probas de personalidade.

As probas de personalidade orientaranse a avaliar os rasgos da personalidade mais significativos e relevantes para o desempeño da función policial, así como o grado de adaptación persoal e social dos aspirantes. Así mesmo, deberá descartarse la existencia de síntomas ou trastornos psicopatolóxicos e/ou da personalidade.

Exploraranse os aspectos que a continuación se relacionan: estabilidade emocional, auto confianza, capacidade empática e interese polos demais, habilidades interpersoais, control adecuado da impulsividade, acoplamento persoal e social, capacidade de adaptación a normas, capacidade de afrontamento ó estrés e motivación polo traballo policial.

Os resultados obtidos nas probas deberán ser obxecto de contraste mediante a realización dunha proba individual, que consistirá na resposta a un cuestionario, formulado verbalmente, coa finalidade de valorar tamén o estado psicolóxico dos candidatos. De este modo, aparte de las características de personalidade sinaladas anteriormente, exploraranse, ademais os seguintes aspectos: existencia de niveles disfuncionais de estrés ou de trastornos do estado de ánimo; problemas de saúde; consumo excesivo ou de risco de alcohol ou outros tóxicos e grado de medicación; expectativas respecto da función policial.

EJERCICIO QUINTO

Recoñecemento médico.

O recoñecemento médico será efectuado por facultativos especialistas e o seu fin é garantir que os/as aspirantes se atopen en condicións idóneas para o exercicio das funcións policiais propias do posto de traballo.

Cualificarase como apto/non apto.

Os efectos de la exclusión do/da aspirante, terase en conta o seguinte:

Obesidade-Delgadeza.

Obesidade o delgadeza manifestas que dificulten ou incapaciten para o exercicio de las funcións propias do cargo.

Índice de masa corporal (IMC) non inferior a 18,5 ni superior a 29,9. Considerando o IMC como a relación resultante de dividir o peso da persoa expresado en quilos polo cadrado da talla expresada en metros.

Calquera enfermidade, padecemento ou alteración de carácter físico, psíquico o sensorial que, a xuízo dos facultativos médicos, impida, limite ou dificulte o exercicio das funcións policiais.

Para os diagnósticos establecidos neste anexo teranse en conta os criterios das sociedades médicas das especialidades correspondentes.

As exclusións garantiránse coas probas complementarias necesarias para o diagnóstico.

VI- PRESENTACION DE SOLICITUDES

Os que desexen tomar parte no proceso selectivo deberán facelo constar mediante solicitude, dirixida ó Sr. Alcalde -Presidente do Concello de Monforte de Lemos con arreglo ó modelo que figura ó final destas bases (Anexo I).

A presentación das solicitudes farase no Rexistro de documentos do Concello en horario de nove a dúas ou en calquera dos restantes lugares previstos no artigo 16 da Lei 39/2015 de procedemento Administrativo común, no prazo de vinte (20) días naturais dende o día seguinte da publicación da convocatoria no Boletín Oficial do Estado.

A solicitude acompañarse inescusablemente:

- Fotocopia do DNI en vigor, ou pasaporte do aspirante.

- Xustificante de pago da taxa por dereitos de exame de acordo co establecido nestas bases.

- Declaración xurada de non ter sido condenado/a por delito doloso, nin estar inhabilitado/a para o exercicio das funcións públicas, nin separado/a do servizo das administracións públicas por expediente disciplinario ou resolución xudicial firme.

- Compromiso por escrito de portar armas durante o servizo e, no seu caso, chegar a utilizalas nos casos e circunstancias legalmente establecidas, que o aspirante presentará en forma de declaración xurada, ou conforme ó modelo que se exixa a convocatoria.

- Certificado médico no que se faga constar expresamente que o aspirante reúne as condicións físicas e sanitarias para a realización dos exercicios físicos que se especifican na correspondente proba da oposición, o que non excluírá as comprobacións posteriores do que se reflexa no certificado médico.

Unha vez rematado o prazo de presentación de instancias. Publicarase no taboleiro de anuncios do Concello a lista de admitidos e excluídos, indicando a causa de exclusión, concedéndose un prazo de dez (10) días hábiles a contar dende o seguinte a publicación, para que subsanen os posibles defectos ou omisións na documentación presentada. De non existir aspirantes excluídos, o Alcalde – Presidente poderá elevar a definitiva a lista provisional na mesma resolución de aprobación. Igualmente se publicará no taboleiro do Concello as datas, lugar e resultados das probas que se realicen, así como todos os anuncios derivados da convocatoria.

Para calquera aclaración ou información adicional os interesados poderá poñerse en contacto co teléfono 982 416540.

VIII-TRIBUNAL

O órgano de selección estará composto polo presidente/a, o secretario/a tres vogais así como os respectivos suplentes, sendo as persoas nomeadas a tal efecto:

- Presidente: Don Miguel Martínez Díaz (Policía Local Monforte)
- Suplente: Don Nestor Alvarez López (Policía Local Monforte)
- Vogais: Don Francisco Lara Gómez (Inspector da Policía Local do Concello de Sarria), Don Jesús Piñeiro Santos (Inspector da Policía Local de Lugo) e don José Manuel Rio Espiño (Oficial da Policía Local de Lugo).
- Suplentes: Don José Maria Baños Campo (Habilitado) , Victor Díaz Lebices (Policía Local Monforte), Carlos Losada Díaz (Policía Local Monforte).
- Secretario: Elisa Martínez Arias (Técnico de Administración Xeral do Concello de Monforte)
- Suplente: María Inmaculada Buján Arias (Técnico de Administración Xeral do Concello de Monforte)

Abstención e Recusación.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándollo á autoridade convocante, cando concorran neles circunstancias das previstas no art. 23 da Lei 40/2015 do 1 de outubro de Réxime xurídico do Sector Público, ou tivesen realizado tarefas de preparación a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria. O presidente poderá esixir dos membros do tribunal declaración expresa de non estar incurso nas circunstancias establecidas no citado artigo. Así mesmo, os aspirantes poderán recusar ós membros do tribunal cando concorran ditas circunstancias, segundo o disposto no art. 24 desta lei.

Actuación do Tribunal.

O Tribunal constituirase na data que designe o Sr. Alcalde, entendéndose validamente constituído cando asista a maioría absoluta dos seus membros titulares ou suplentes, con presenza, en todo caso, do Presidente e do Secretario. Na sesión constitutiva adoptaranse as decisións pertinentes para o correcto desenvolvemento das probas selectivas.

A partires da sesión de constitución, o Tribunal, para actuar validamente, requirirá a presenza da maioría absoluta dos seus membros, titulares ou suplentes, e axustará as súas actuacións en todo momento ao disposto

na Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento Administrativo común das Administracións Públicas e ás bases xerais e específicas reguladoras da correspondente convocatoria.

O Tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes tódalas dúbidas e propostas que xurdan a carón da aplicación das normas contidas nestas bases xerais e nas específicas, e estará facultado para resolver as cuestións que se poidan suscitar durante a realización das probas, así como para adoptar as medidas necesarias que garantan a debida orde naquelas en todo o que non estea previsto nas bases.

En caso de ausencia do Presidente titular e do Presidente suplente, actuará no seu lugar o vogal designado en primeira orde.

Os seus acordos serán impugnables nos supostos e na forma establecida pola Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento Administrativo común das Administracións Públicas.

O tribunal poderá dispoñer a incorporación ós seus traballos de asesores especialistas para as probas correspondentes dos exercicios que estimen pertinentes, limitándose os ditos asesores unicamente a presta-la súa colaboración nas súas especialidades técnicas, con voz pero sen voto.

IX.- RESULTADO DO PROCESO SELECTIVO.

O tribunal propondrá o nomeamento como funcionarios en prácticas dos dous aspirantes que, logo de ser considerados aptos en todos exercicios así cualificados, contén coas puntuacións máis altas no exercicio primeiro.

En caso de empate, de non resultar aplicable o previsto pola lei de igualdade efectiva entre mulleres e homes, procederase a desempatar mediante sorteo público.

Ditos aspirantes deberán realizar e superar un curso de formación na Academia Galega de Seguridade Pública e superar un período de prácticas. A avaliación do curso de formación e o período de prácticas debe restrinxirse ós méritos e capacidades profesionais.

As características e esixencias dos mencionados curso e período de prácticas son as contidas nos artigos 16 e 17 do Decreto 243/2008, de 16 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de policía locais e demais normativa de aplicación.

X.-INTERPRETACIÓN

Para calquera dúbida que xurda na interpretación destas bases e no desenrolo das probas correspondentes estarase ó que decida o Tribunal por maioría de votos.

XI.-PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS

O aspirante proposto para o seu nomeamento, nun prazo de dous días naturais, contados a partir do día seguinte ó da recepción da oportuna notificación presentará no rexistro de documentos do Concello de Monforte de Lemos a seguinte documentación:

-Fotocopia compulsada do DNI en vigor.

-Copia autenticada do título esixido ou certificación académica de estudos realizados, con xustificante do abono dos dereitos para a súa expedición.

-Certificación médica acreditativa de non padecer enfermidade ou defecto físico que lle incapacite para o desenvolvemento do posto de traballo de que se trata.

-Declaración baixo a súa responsabilidade de non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de ningunha Administración Pública, nin atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas por sentenza firme, así como, de non estar en ningún dos supostos de incompatibilidade previstos na Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ó Servizo das Administracións Públicas

XII. - RECURSOS ADMINISTRATIVOS E XURÍDICOS:

As Bases da convocatoria, e cantos actos administrativos se deriven delas e da actuación do tribunal, poderán ser impugnados nos casos e na forma establecida pola Lei 39/2015 do 1 de outubro e Lei 40/2015 do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común e do Réxime Xurídico do Sector Público respectivamente.

Así mesmo a Administración Municipal poderá, no seu caso, revisar as resolucións do tribunal conforme ó previsto na citada Lei 39/2015 do 1 de outubro.

ANEXO I.-

SOLICITUDE PARA TOMAR PARTE NO PROCESO SELECTIVO DA CONVOCATORIA PUBLICADA NO
.....NA DATA

I.- DATOS DA PRAZA QUE SOLICITO:

DENOMINACIÓN DO POSTO DE TRABALLO:
.....

II. DATOS PERSOAIS:

PRIMEIRO APELIDO:

SEGUNDO APELIDO:

NOME:

DNI:

TELÉFONO PARTICULAR:

MÓBIL:

DOMICILIO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS:

MUNICIPIO E PROVINCIA:

CÓDIGO POSTAL:

EXPOÑO:

- a) Que reúno todos e cada un dos requisitos esixidos na convocatoria, en concreto os seguintes:
- b) Ter nacionalidade española, comunitaria ou asimilada.
- c) Ter cumpridos 18 anos de idade e non superar a idade de xubilación obrigatoria.
- d) Estar en posesión do título académico de esixido na base cuarta do bases específicas da convocatoria ou en condicións de obtelo na data na que termine o prazo de presentación de instancias.
- e) Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das funcións e tarefas do posto/praza á que aspira.
- f) Non estar inhabilitado nin suspendido para o exercicio de funcións públicas e non ter sido separado do servizo dunha Administración Pública.
- g) Ter satisfeito a taxa por dereitos de exame.

